

“Suspensión de execución da sentenza” que condenou a tres anos de prisión a dous traballadores

CIG :: 15/03/2014

[Gal/Cast] A pesar de la "suspensión de la ejecución de la sentencia" las organizaciones sindicales seguirán convocando movilizaciones por el indulto

Galego

O Xulgado do Penal número 1 de Vigo vén de notificar a “suspensión do cumprimento da sentenza executoria” pola que resultaron condenados a tres anos de prisión os traballadores Serafín Rodríguez e Carlos Rivas “mentres se tramita e non se resolta o expediente de solicitude de indulto” polo Consello de Ministros.

A xuíza lembra na súa resolución que a lexislación establece que a petición de indulto non suspenderá o cumprimento da sentenza, mais motiva a decisión “atendendo ás circunstancias actuais concorrentes en relación ao condenado, ao delito e á natureza e duración da pena a executar, e en particular as sobrevidas tras a denegación de indulto, tal como instancias solicitadas e resolución da Sala Terceira do T.S.”.

Con todo, as organizacións sindicais seguirán a convocar mobilizacións para solicitar o indulto para os dous compañeiros afectados. A posibilidade de que poidan ingresar en prisión provocou unha vaga de solidariedade en toda a comarca viguesa que se concretou en numerosos actos de apoio que incluíron unha manifestación polas rúas da cidade.

Castellano

El Juzgado de lo Penal número 1 de Vigo ha notificado la "suspensión del cumplimiento de la sentencia ejecutoria" por la que resultaron condenados a tres años de prisión los trabajadores Serafín Rodríguez y Carlos Rivas "mientras se tramita y no se resuelva el expediente de solicitudes de indulto" por el Consejo de Ministros.

La jueza recuerda en su resolución que la legislación establece que la petición de indulto no suspenderá el cumplimiento de la sentencia, pero motiva la decisión "atendiendo a las circunstancias actuales concurrentes, al delito y a la naturaleza y duración de la pena a ejecutar, y en particular las sobrevenidas tras la denegación de indulto, tal como instancias solicitadas y resolución de la Sala Tercera del T.S.”.

Con todo, las organizaciones sindicales seguirán a convocar movilizaciones para solicitar el indulto para los dos compañeros afectados. La posibilidad de que puedan ingresar en prisión provoó una ola de solidaridad en toda la comarca vibuesa que se concretó en numerosos actos de apoyo que incluyeron una manifestación por las calles de la ciudad.

<https://galiza.lahaine.org/suspension-de-execucion-da-sentenza-que>